

Le français, c'est

fantas**TIC!**

GUIDE DIDACTIQUE
GUÍA DIDÁCTICA




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Autora: Sandra RODRÍGUEZ NIETO

Realizado durante unha licenza por formación



*“Rien ne développe l'intelligence comme les voyages.
Je compte parfaire ainsi ton éducation,
en te faisant un cours pratique sur les divers sujets
qui se présenteront en chemin.”*

Les contes à Ninon - Emile Zola

*“L'éducation est le logiciel de l'ordinateur central
qui programme l'avenir des sociétés.”*

L'Education en Afrique - Joseph Ki-Zerbo

GUIDE DIDACTIQUE // GUÍA DIDÁCTICA

- ✓ Breve descripción do contido do proxecto
- ✓ Marco de Referencia Europeo das Linguas
- ✓ Enderezo da Aula Virtual
- ✓ Materia e curso a que se dirixe o proxecto
- ✓ Obxectivos educativos pretendidos
- ✓ Secuenciación
- ✓ Aspectos curriculares:
 - Contidos
 - Actividades propostas
- ✓ Metodoloxía e orientacións didácticas
- ✓ Avaliación
- ✓ Licenza Creative Commons

Breve descripción do contido do proxecto

Tomando como punto de partida e eixo as oportunidades que presentan as ferramentas TICs para **a mellora da competencia lingüística e a importancia da competencia dixital** no proceso de aprendizaxe, o proxecto “**Le français, c’est fantasTIC!**” consiste no desenvolvemento dunha proposta de traballo nunha plataforma virtual interactiva para a materia de “Segunda Lingua Estranxeira: Francés” (sendo de aplicación posible inclusive para a Primeira Lingua Estranxeira) no curso 1º ESO.

4

Trátase dunha estrutura flexible que contempla o curso completo e que abrangue o conxunto do currículo da materia para 1º da ESO pero que pode ser adaptado por cada docente que decida empregalo na aula dependendo das súas circunstancias e características do grupo.

O proxecto desenvólvese na plataforma Moodle e conta con licenza Creative Commons BY-SA permitindo a difusión, flexibilidade e adaptabilidade por parte de calquera docente con noções de emprego de Moodle (profesor editor).

O proxecto pode desenvolverse non só en centros que contan con aulas ABALAR senón tamén en centros nos que o profesorado dispoña duns recursos básicos como ordenador e retroproyector pasando por centros con aulas dotadas de equipos informáticos para o traballo do alumnado a nivel individual ou de grupo. Pode empregarse na aula ou na casa a modo de *e-learning*, para *mobile learning* ou inclusive de *blended learning*.

Cada material pedagógico creado (unidades didácticas, vídeos, xogos, imaxes etc) poder ser empregado no marco do proxecto ou illadamente.

Marco de Referencia Europeo das Linguas

Contemplase o proxecto desde o **enfoque comunicativo** que o Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas dá á aprendizaxe das linguas estranxeiras.

5

O Consello de Europa establece un marco de referencia común europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, indicando que para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua o alumnado debe ser capaz de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación, tarefas ás que o soporte dixital confire unha nova dimensión e abre novas posibilidades de explotación.

As tarefas de comunicación configuran un conxunto de accións que teñen unha finalidade concreta dentro dun ámbito específico. Para a súa realización, actívase a competencia comunicativa, póñense en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. Polo tanto, as actividades nas que se usa a lingua estranxeira están enmarcadas en ámbitos que poden ser de tipo público (todo o relacionado ca interacción social cotiá), persoal (relacións familiares e prácticas sociais individuais), laboral ou educativo.

Este proxecto adopta o enfoque promovido polo Marco Común Europeo de Referencia buscando o achegamento ás competencias básicas, fundamentalmente a **competencia en comunicación lingüística, aprender a aprender**, en **habilidades sociais e de autonomía** e dando un lugar protagonista a **dixital**.

Enderezo da Aula Virtual

<http://www.edu.xunta.es/centros/cafi/aulavirtual/course/view.php?id=551>

6

Materia e curso a que se dirixe o proxecto

Materias	a) Francés - Segunda Lingua Estranxeira b) Francés - Primeira Lingua Estranxeira
Curso	1º ESO
MECR	A1 / A2

Obxectivos educativos pretendidos

A normativa en vigor na actualidade marca que o ensino da segunda lingua estranxeira na etapa de Ensino Secundario Obrigatorio terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 1) Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.
- 2) Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais e

interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse comprender.

3) Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.

4) Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.

5) Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas previamente.

6) Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.

7) Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.

8) Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

En particular, este proxecto trata de fomentar especialmente o uso das TICs ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Secuenciación

Presentase unha secuenciación de contidos para un curso académico completo.

8

Secuenciación	✓ Primeira avaliación: Introducción - Dossiers: Unités 1 - 2
	✓ Segunda avaliación: Dossiers - Unités 3-4
	✓ Terceira avaliación: Dossiers - Unités 5-6 & Final
	✓ Unité “Mélodie fantasTIC” - en paralelo ás unités

En canto ao deseño do curso, procura manter unha estrutura uniforme aínda que cada docente pode alternar o emprego de cada apartado e o seu orden. Contén previsto oito “dossiers” ou unidades didácticas tituladas “unité”, é dicir dous por avaliación ademais dun introdutorio, outro de peche e un de cancións adaptadas ao resto de unidades.

A *unité* con actividades baseadas en cancións é para traballar ao longo do curso en paralelo co resto de unidades.

Á unidade final presenta unhas actividades semellantes as das probas do DELF, a proba oficial de certificación do CIEP.

O soporte de plataforma interactiva permite introducir actividades dinámicas e lúdicas adaptadas ao nivel do alumnado debutante en Lingua francesa en 1º ESO. Tamén permite traballar de xeito integrado as catro destrezas non só no contido senón tamén nas actividades propostas e na avaliación: comprensión oral (gravacións, vídeos), comprensión escrita, expresión oral e escrita.

Aspectos curriculares desenvoltos

Os obxectivos xerais son os propios da materia de Segunda Lingua Estranxeira para 1º da ESO segundo o currículo oficial na actualidade, é dicir:

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 13/07/2014).

A programación implícita recolle as directrices que figuran no Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro (BOE 5 de xaneiro de 2007) polo que se establecen as Ensinanzas Mínimas correspondentes á E.S.O., segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Respéctanse os catro bloques entendidos como un todo inseparable na práctica da competencia comunicativa segundo a normativa de referencia:

- ✓ Os bloques 1 e 2: ás habilidades, tamén denominadas actividades lingüísticas, e ás estratexias que as poñen en funcionamento.
- ✓ O bloque 3: os coñecementos da lingua e as estratexias de aprendizaxe necesarias para realizar as actividades lingüísticas ou destrezas
- ✓ O bloque 4: os aspectos relacionados cos costumes, formas de relación social, usos, actitudes, valores, crenzas e particularidades dos países francófonos.

Ademais das competencias lingüísticas e de aprender a aprender, a dedicase un apartado á competencia cultural e artística e a competencia social e cidadá coa descuberta e coñecemento dalgunhas cidades e rexións francesas e francófonas (especialmente, París na *unité 6*).

CONTENUS CONTIDOS

Unité Intro - Salut !

Connaissances préalables
Les mots transparents
Salutations
L'alphabet
Le verbe *s'appeler* au singulier au présent
Le verbe *parler* et les verbes réguliers en -ER

10

Unité 1 - En classe !

Le matériel scolaire
Le verbe *avoir* (singulier et pluriel) au présent
Les articles définis / les articles Indéfinis
Les nombres de 0 à 19
Qu'est-ce que c'est ?

Unité 2 - À la maison !

La famille
Les animaux
La description et les adjectifs qualificatifs
Les adjectifs possessifs pour un ou plusieurs possesseurs
Le verbe *être* (singulier et pluriel) au présent
Les nombres de 20 à 69
Qui est-ce ?

Unité 3 - Arc-en-ciel

Les couleurs
Les nombres de 70 à 100
La forme négative
Le féminin des adjectifs
Combien ?

Unité 4 - À l'heure !

La date
Les fêtes en France
L'heure
Les vêtements
Le verbe *faire* au présent
Quand ?

11

Unité 5 - À table !

Les aliments
Les partitifs
Le verbe *vouloir* au présent

Unité 6 - À Paris !

La ville
Paris, capitale et ville lumière
Les moyens de transport
Le verbe *aller* (singulier et pluriel) au présent
Où ?

Unité finale - C'est moi !

L'épreuve du DELF
Projet final : Description

Unité Chansons - Mélodies FantasTICs

Títulos das cancións / Titres des chansons :

- Unité Intro : *Tout le monde il est beau*
- Unité 1 : *En sortant de l'école*
- Unité 2 :
 - *Le Poussin Piou*
 - *Papaoutai*
- Unité 3 : *Et moi, et moi, et moi*

- Unité 4 : *Caresse sur l'océan*
- Unité 5 : *Salade de fruits*
- Unité 6 : *Sous le ciel de Paris*

ACTIVITÉS ACTIVIDADES

O proxecto **“Le français, c’est fantasTIC!”** está formado por 9 unidades didácticas chamadas *Unité*, é dicir:

- Unha introdución.
- 6 unidades.
- Unha unidade final.
- Unha unidade con cancións relacionadas coas anteriores unidades.

Cada unidade ten polo menos:

1. Unha unidade creada con Exelearning coa seguinte estrutura:
 - Quiz inicial non avaliativo.
 - Léxico ilustrado.
 - Contidos gramaticais, algúns con son.
 - Vídeo.
 - Actividades interactivas.
 - Ligazóns a sitios web relacionados cos contidos.
2. Un xogo creado coa ferramenta Xogamos.
3. Unha actividade final usando as TICs a modo de actividade avaliativa.

Algunha unidade conta con varios xogos. Algunhas tamén con fichas con sopas de letras ou contidos a imprimir.

Foro: O alumnado pode participar no *Forum* sobre novidades e informacións.

Glosario: O alumnado vai elaborar de xeito colaborativo un *Dico* do léxico adquirido.

Estrutura do curso en Moodle:

- ✓ Forum
- ✓ Dico de classe
- ✓ Mode d'emploi
- ✓ Document technique

Unité Intro - Salut !

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Tarefa « Bonjour »

Unité 1 - En classe !

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Xogo elaborado con Xogamos
- ✓ Tarefa « Album de ton sac-à-dos»

Unité 2 - À la maison !

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Dous xogos elaborados con Xogamos
- ✓ Tarefa « Album de famille »

Unité 3 - Arc-en-ciel

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Tres xogos elaborados con Xogamos
- ✓ Tarefa « Les as de la route »

Unité 4 - À l'heure !

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Xogo elaborado con Xogamos
- ✓ Dúas fichas en pdf con sopa de letras
- ✓ Tarefa « Agenda des fêtes »

Unité 5 - À table !

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Xogo elaborado con Xogamos

- ✓ Tarefa « Miam ! les plats régionaux »

Unité 6 - À Paris !

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Xogo elaborado con Xogamos
- ✓ Ficha en pdf con sopa de letras
- ✓ Tarefa « Tourisme local »

14

Unité Finale - C'est moi! DELF

- ✓ Unidade en eXelearning
- ✓ Ficha en pdf para repasar os verbos
- ✓ Tarefa « Album de ton sac-à-dos »

Unité Chansons - Mélodies FantastICs

- ✓ Unidade en eXelearning

Metodoloxía e orientacións didácticas

Co proxecto “**Le français, c’est fantasTIC!**”, preténdese concretar nas actividades deseñadas un modelo para **incrementar a competencia lingüística a través da competencia dixital**, procurando a flexibilidade do mesmo a cada realidade, proporcionándolle ao profesorado ideas e pautas concretas para situarse na aula e na práctica educativa tendo en conta as posibilidades actuais das TIC.

15

A contorna Moodle resulta moi doada para o seu emprego polo usuario polo que o alumnado poderá empregar os materiais:

- ✓ Na aula de forma guiada polo profesorado.
- ✓ Fóra da aula:
 - ✓ Antes o despois das sesións lectivas correspondentes.
- ✓ De xeito:
 - ✓ Individual.
 - ✓ Cooperativo cunha ou varias persoas.

Os materiais poden empregarse na aula ou no marco de proxectos de innovación tecnolóxica, por exemplo a modo de *e-learning*, para *mobile learning* ou inclusive de *blended learning*.

O proxecto está baseado no principio metodolóxico de flexibilidade e debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses dos alumnos e ter en conta o seu contexto sociocultural e económico.

O proxecto quere ofrecer unha ferramenta de traballo non só para a autora senón tamén para outros docentes de Lingua Francesa.

Avaliación

Un dos principais obxectivos do proxecto é facilitar o proceso avaliativo tanto para o profesor como para o alumnado e así permitir un avance máis efectivo, consciente e responsable no proceso de aprendizaxe.

16

As unidades creadas con eXeLearning facilitan a auto-avaliación permitindo a corrección inmediata e resolución de dúbidas.

Ademais evítanse tradicionais procesos de avaliación longos e que dificultan o retorno de información ao alumnado.


En cada unidade, tamén se propón unha tarefa a modo de proxecto a levar a cabo de xeito individual e/ou en grupo con ferramentas 2.0, é dicir colaborativas, por exemplo empregando editores de imaxes e vídeos.

A plataforma Moodle permite contar cun foro para resolución de dúbidas que tamén ofrece a posibilidade de cun espazo de intercambio, expresión e retroalimentación.

Para efectuar a avaliación do propio proxecto, inclúese un cuestionario a modo de enquisa a cubrir polos usuarios dos materiais do proxecto. Poden solicitar ser contactados por correo electrónico para asesoramento sobre este proxecto.

Licenza Creative Commons

« **Le Français, c'est fantasTIC!** » e todos os materiais pedagóxicos asociados e creados no seu marco teñen a seguinte licenza :



licence Creative Commons Attribution - Partage dans les Mêmes Conditions 4.0 International.